

A PÁTREA D' O LABREGO

DRAMA N-UN AUTO Y-EN PROSA

SEU AUTORE


Antonio Villar Ponte.



LUARCA


Imprentouse n-a casa de Ramiro P. del Río.

1905



A PÁTREA D' O LABREGO

A mi querido amigo
el distinguido leader del
regionalismo galicano, Gels
Fatinas, y a los ilustrados
escritores que con él com-
parten las tareas fundadoras
de redactar la "Revista
Galega", les dedico este
ejemplar de su insig-
niente dramata.

y 
J. Villal Ponto.
Poz - 16 de agosto de 1905.

DEDICATÓREA

Ó insine artista catalán **San-**
tiago Rusiñol en proba da sinceira
admiración que lle profeso pol-os
seus moitos e xeniales merecimen-
tos, así como pol-a eotima en que
ten ós fillos da Galicia que considera
firmando dos d-a sua terra é tamén
pol-a deferencia grande que tivo con-
migo concedéndome seu premiso pra
traducir ó gallego seu grandioso e
apraudido drama **O Mítico**, onde
latezan ideáos sobrimes, dedicolle ista
homilde obriña, eu, o mais cativo
d- os seus amigos

Ó Autor.

PERSONAXES

TÍO XAN (*pai de*).—ROSA.—SEÑORITO.—VAGAMUNDO.

TEMPO AUTUAL

A aución pasa n-unha aldeia d' a provincia de Lugo, y-o gallego que se empleia n-a obriña é o que se fala n-alguna mariña d' a dita provincia. Moitos, a maor parte dos xiros postos n-o diálogo, son copeados d' o natural, o que xuxetamos toda-la trama d' a fábola.

Vou adevertire agora qu' o autor puxo coídado especial en que resultase este drama unha cópea compreta d' a realidá. O seu desejo é que se vexan n-as pobraciós o servilismo y-a escravitud á que leva ós labregos a praga d' o caciquismo. Os personaxes d' a sua obriña, (1) teñen vida en toda-las aldeias gallegas. Son tomados d' o natural, quizaves con pouco arte, pro fermemente desde logo.

(1) Exceuto ó Vagamundo.



AUTO ÚNECO

O siteo d' a escena é unha cocña d' aldeia mariñá. Porta ó foro y-outra n' unha d' as paredes d' os lados. Onde mellor conveña pr' o bon desenvolvemento d' aución, haberá unha lareira ancha, con escanos rústicos, sobre d' a cal virá unha cheminea de campá moi aberta, en relación con aquela. N-o siteo apropeado un andamio e garmalleira. Chantadas n-unhas fendas d' a parede unhas fousas de mau; dependurado d' un torno—tamén chantado n-a parede—o xugo y-os vitilos; arrimados n' un recanto os fungueiros d' o carro; arrentes d' a lareira douis caldeiros enriba de rodelas de palla. Ademais n' outro lugar un pote de ferro escachoando acarón d' o lume. Os demás detalles iranse dicindo n-o seguimento d' o diálago. Son as oito d' a mañá.

ESCENA PRIMEIRA

ROSA e o tío XAN, iste c' un papel n' unha mau.

ROSA Abofellas tén razón meu hirmau, mi
 padre. Millor estariámos n-a Habana

cabo d' il qu' eiqui. ¡E vustede non quer dar creto á nadia!

Tío XAN ¡Ay! Xa son vello; miña Rosiña, xa son vello pra eses trotes, coiro.. Pro léme outra vez a carta de teu hirmau; anda, Rosiña, pra que me entere eu ben d' ela antes d' irm' ó traballo.

Rosa Traiga logo...

XAN Toma. (Entregándolla.)

ROSA E fíxese ben n' ela, mi padre. Atenda.
(Lendo soletreando.) «Querido padre: ma-
legraré que al recibo d' estas cuatro
letras s' halle con salú en compañía de
mi hermana Rosa, yo también lo estoy
para lo que gusten mandar, que lo haré
con mucho gusto y fina voluntá. Sabe-
rán en como yo me enterado por Paco
d' o Ferreiro que acaba de llegar á esta
ahorita de las cañaladas que con uste-
des cometieron el señorito y el secre-
tario del Auntamento, porque mi pa-
dre no les dió el voto en las alecciones
ni á uno ni á otro, pues me dijo Paco
q' el secretario les subiera mucho el
consumo y les quería quitar el tarreno
y los bueyes que les tiene arrendados
y el señorito los quería echar de su
casa. Y saberán como yo al saberlo
pensé en decirles que se vengan para

aquí, donde con lo que trabaje Rosa y lo que gane yo poderemos mantenerle, mi padre, de mano blanca, vamos al decir. En esa trabajando mucho no pueden desempeñarse nunca y en ésta con menos trabajo se gana más y se queda uno libre de los caciques. Pues hoy no les puedo mandar nada y sabrán que tengo que trabajar; y se despide de ustedes abrazándoles con el corazón, el que les quiere, *Juan López*. Posdata: Recuerdos á los vecinos y á Ramón de Fuco, á Colás d' a Mornela y á cuantos pregunten por mí, y contesten pronto. Adiós.» (Pregando á carta.) Vé, mi padre. ¿Fixouse? ¡Que ben dí meu hirmau, abofellas! ¿Por qué non ll' habemos d' obedecere.

XAN

¡Coiro! (Axuntando as maus, cousa que deberá repetir algunha vez mais n' o seguimento d' o diálogo, a xuicio d' o actor.) Non m' aqueloutres mais; xa cho dixen moitas veces, Rosiña: S' eu fora mais novo, xa non agardab' a agora pra irme. ¡Pr' os meus anos, coida qu' é unha tolería, nena!

ROSA

¡Tolería! ¿E por qué, mi padre? Tolería é quedarnos eiqui n-a boca d-o lobo coma quen dí, cheos de débedas, dem-

pois de traballare todol-os dias de Dios
sin parar miga. E ainda mais. ¿Y-o que
nos agarda agora, en canto nos bote
d'a chouza ó señorito é nos saque os
tarreos e mail-a xugada o secretario?
¿Qué vamos á facere logo? ¿Vustedes
seique non s' acorda de que nos subi-
ron a cániba d'o consumo d'unha ma-
neira que pra que poidamos pagala
terán que embargarnos a miseria que
temos? (Con ira) Mi padre, antes que
estar eiqui cabo de tantos ladrós e me-
llor ir ó inferno—Dios m' o perdone
(Tapando a boca co-a manu)—á calquera
siteo...

- XAN (Entristecido.) Ben falas, Rosiña. pro...
jcoiro! (Abaneando a cabeza)
- ROSA (Segundo o fio d'o seu pensamento.) Escoi-
te. ¿Qué necesidá temos, mi padre, d'
estar feitos unhos escravos eiqui, ond'
os ladrós d' os caciques faramnos pe-
dire limosna moi presto, podendo fa-
cer' o que nos manda meu hirnau: mar-
chare pra Habana, onde, como dí n'a
carta: «con menos trabajo que en esa
se gana más y se está libre de los ca-
ciques.» ¿Non se fixou n' o que lin, ou?
Fixei, miña filliña, fixei... pr' os meus
anos, coiro, non é doado aqueloutrarse

a deixal' a terra onde un ten todal' as suas lembranzas ¿entendes?, pra mar-
chare a tan lonxe... E certo, coiro (Con
moito sentimento) qu' eiqui estamos de
mal c' o señorito e c' o sacretario d' o
Auntamento, qu' abofellas é o mesmo
qu' estare de mal con Noso Señoriño—
alabado seña— e que perseguidos coma-
si foramos cas doentes por non darll' o
voto—qu' en mal hora inventou algun
enimigo d'os probes labregos, coiro—
nin á un nin á outro, pra que non lles
parecese mal á nengun d' iles, non te-
remos outro romedio que pedire li-
mosna pol-as portas calquera dia... ¡Pro
irnos d' eiqui, coiro! Quizaves mais
adiante... ¿Quén sabe? (Escóitase o esbo-
rrecamento de bois) Vaya, xa s' esborre-
can os bois. Poida que xa rematasen
de comer a herba. Vou a vere pra mar-
char logo c' o carro ó monte á catal-o
molime... Os dias teñen tan pouco,
coiro... (Dirixes' á corte dos bois.)

ESCENA II

ROSA, soila.

ROSA ...Eu sempre tiven ganas d' irme d' esta
terra, onde non hay senon probeza. E

agora a carta de meu hirmau deume
ainda mais ganas de facelo. Pro deixar
soilo á meu pai, o probe vello, eso non'
o faigo eu. ¿E non haberá modo d'
arrincalo d' eiqui, Dios mio? Quizaves
cando vexa que nos embargan o pouco
que temos, e que nos botan d' a chouza,
e que nos quitan o tarreo y-os bois,
que será logo, por desgracea, quizaves
s' animará á marchare pra ond' o cha-
ma o fillo millor qu' á pedire limosna
e pasar fame callada. Pro entramentras
estarei sempre sobre d' il, pra ver se o
convenzo. A carta de Xan quitoume as
ganás de traballar, abofellas. Di que lle
contestemos axiña... Entram' a tenta-
ción d' escribirll' agora mesmo. Des-
pois voume á traballar ó tarreo, e xa
hastr' a noite non poido contestarlle.
¿Ond' estará o papel que sobrara d' a
outra vez? Ay, sí, xa sei; n-o meu cuar-
to, debaixo d' aqueles trapos debe d'
estare. Vou por él, abofellas. Trague-
rei tamén o tinteiro y-a pruma. (Sal.)

ESCENA III

TIO XAN entrando c' unha aguillada n-a mau; logo ROSA

- XAN ¿E Rosa? ¿Ond' irá a miña filla? Non está por eiqui... (Síntense pisadas.) Séi-que ven ahí. Sí, é ela. (Aparece Rosa c' un tinteiros n' unha mau y-o papel e mail-a pruma n-a outra.) ¿Qué vas a facere rapaza?
- ROSA ¿E quei de facere? Contestarll' o meu hirmau.
- XAN ¿Agora, coiro?
- ROSA Sí, porque despois teño que ir' o tarreo e non poido facelo. E xa sabe que dí que se lle conteste axiña. ¡O probe quererá enterarse d' o que nos socede!
- XAN Boeno, pois enton eu che ditarei algo, e así entramentras rematarán de comer os bois. ¡Son mais pesados, coiro!
- ROSA (Sentándose xunt' a mesa e amañand' o papel dispons' a escribire) ¿Qué lle digo, mi padre? ¿Qué quere que lle diga?
- XAN (Que tomou un papel de fumar d' un librillo aplicao por unha punta n-o beizo d' abaxo e despois, sacand' unhas tagarninas d-o peto d' o chaleque, picaas c' unha navalla e fai un xaruto que fuma.) ¡Agarda! (Discurrindo.) Agarda un pouco, Rosiña... Dille... primeiro... que recibimol-a sua... e logo...

- ROSA (Escribindo.) Aspérese, meu pai... (Lé o escrito.) «Querido hermano: saberás como con grande contento de nuestra parte mi padre y yo recibimos la tuyá... Eso é... «Y saberás como es cierto canto che dixo, digo, coiro, cuanto te ha dicho Paco d' o Ferreiro...
- XAN
- ROSA (Escribindo) Meu pai, agarde que poña esto.
- XAN (Da un paseño pol-a escena impaciente por ditar) «Pues... el secretario nos subió mucho el consumo, de modo y manera seya que no poderemos pagarla... y nos quiere quitar el terreno y los bueyes... y el señorito nos va echar de casa por no ire a votar ni por uno ni por otro, para que no le parecese mal á ninguno... Pues son unos canallas, como tú dices, unos ladrones (Entuseasmándose) unos miserables, unos...
- ROSA ¡Josús! Non corra tanto, mi padre, agarde unha miaxa si quere.
- XAN (Con inxenuidá) ¡Coiro! E que coma son todo o que dixen á un tempo, quería que s' escribira todo d' unha vez. ¡Que non che esquenza nada d' o dito. Unhos ladrós, unhos míseres, unhos..., unhos... ¡ay, xa se m' esquencial, unhos deshonradores de rapazas, unhos... unhos...

- ROSA Cale, que me trabuca.
- XAN ¡S' eu soupera escribire! (Aparte.) ¡Coiro! vaise facendo tarde e teño q' ir-o monte. E ainda teño moito que decirll' o meu fillo.
- ROSA Xa está esto. ¿Qué mais?
- XAN Mira, Rosiña, ainda nos falta moito de poñere, e temos quē traballar. Millor será que suspendamos hastr' a noite, e mañá votámol-a carta o correio. ¡Coiro! un dia mais ou menos é o mesmo. ¿Non che parece, nena?
- ROSA Boeno logo... pois deixémolo hastr' a noite. (Soletrea á media voz o escrito.)
- XAN Vou estoncias á xungir os bois ó carro, que xa rematarian de comer' e marcho. Non che esquenza o mandarm' a comidiña ¿eh, nena?
- ROSA (Erguéndose e deixand' a carta emprincepeada sobre d' a mesa) Descoide, mi padre.
- XAN Pois hastra logo. Dios vaya con nos. (Sal y-o pouco escóitase ó tío Xan decir: ¡Ei boi! ¡Pasa aló, marelo!)

ESCENA IV

ROSA e logo o SEÑORITO

- ROSA Vaya, vou á catar as zocas enriba e logo coll' o sacho e marcho pr' o tarreo

á cabal' os regos. ¡Josús! canto traballar, canto consumirse n-o traballo pra non salire xamais d' a miseria, pra non poder comere senon unha cunquiña de caldo e un anaco de broa, tan duro com' a nosa sorte, e estare sempre un escravo d' os ricos sen concencia, e sempre con medo. ¡E ainda me dicen!... Millor q' eiqui, n-o inferno. ¡Dios mo perdone!... (Dando n-a boca co-a palma d' a mau.) ¡Estou mais chea! (Sal, e despoxi d' unha pausa curtiña, aparece pol-o foro o señorito)

SEÑORITO (Resoltamente) ¡Ei! ¿Quén hay pol-a ca-sa? ¿Dou gracias? (Berrando) ¡Lev' o diaño! Seique non hay naide... Agardarei un pouco... á ver si veñen entra-mentras. (Arreparando n-a carta emprince-peada.) ¿Qué demo de papel é iste? (Colléndo-a.) Unha carta. (Lee.) ¡Concho, cantas me chaman! ¡Conque d' estas temos! Esta letra é d' a filla d' o tío Xan. (Con alegria malina) ¡Cala! Eiqui teñ' ou-tra venganza se non m' abonda con vo-talos d' a chousa. Doull' esto ó xuez monicipal. E como iste fai o q' eu que-ro... conto feito. ¡Lev' o diaño! (Con sor-nia.) ¡O que me falta unha vez!... Gar-demos esto ben gardadiño. (Mete a carta

- n-o peto) E verdá. Chamarei outra vez,
e se non me responden, voume. ¡Ai tío
Xan! (Berrando e axuntando as maus)
- ROSA (Desde drento.) ¿Quén chama? ¡O tío Xan
vai n-o monte!
- SEÑORITO : Está sola Rosa. ¡Comam' o cuzo o que
se me ocurre! (Mostrando luxuria n-os ollos)
¡Que boa ocasión! Seiqu' o demo m' a
depara... (Despois d' estare un pouquiño
pensativo) ¡Concho! por conseguila son
capaz de deixalos quedar n-a casa e d'
esquencer a ofensa que me fixeron.
¡Xuncras leve! Como son o Señorito
que o faigo. E que cando á min se me
mete unha cousa n-a chola nin' o demo
m' a saca d' ela. (Con gran naturalidá) ¡Ai
ho! E tamén seique é unha das poucas
mozas d' aldea á quen nunca lle dixen
nadia. Pois boa moza e-y-a, e repulida
abondo. Chamareina. ¡Rosa!... ¡Rosiña,
baixa!
- ROSA (Entrando con medo) ¡O Señorito! Boenos
días, siñor, ¿e cómo lle vai? (Con humil-
dá finxida.)
- SEÑORITO Eu ben, ¿e tí, Rosiña? (Aparte.) Sirve a
moza, abofé.
- ROSA Eu ben tamén, siñor, graceas á Dios.
- SEÑORITO (Aparte.) E está churrusqueira a rapaza.

- MAUS
Maus á obra. E o tío Xan ¿vai n-o monte? (Á Rosa.)
- ROSA
Marchou fai un pouquichiño. (Aparte.) ¿Qué quererá iste home?
- SEÑORITO
¿Marchou, eh? (Achegándose á ela con amabilidad.) Ti queresme mal á min, ¿non é certo, Rosiña?
- ROSA
(Con medo) ¿Eu? Ai siñor, non abofellas. (Aparte.) O pouco, Dios mío.
- SEÑORITO
Pois mira. Eu estou toliño por ti.
- ROSA
(Aparte.) Este demo de home algo quer de min. (Dirixíndose á ell.) Ai siñor, jora o demo! nunca tal soupen, abofellas.
- SEÑORITO
Pois sí, Rosiña, é verdá. (Trata de pasártelle á man pol-o caris y-ela arretiraa)
- ROSA
Vaya, xa o vexo vire. Saque, saque... ¡Mal pocado! Seique tolea, meu amigo.
- SEÑORITO
Sí. Xa che dixen que estaba toliño por ti.
- ROSA
¡Canto discorre! Pois eu, con perdón d-a sua cara, con tolos non lle quero nadia.
- SEÑORITO
Mira... escoita... (Achegándose á ela outra vez y-ela arrecuando.)
- ROSA
Non s' achegue tanto, é teña xeitiño si quer qu' o escoite.
- SEÑORITO
Pro ti, concho, ¿por qué non m' has de querer á min?

- ROSA ¡Jasús! ¿Seique pensa que eu non-o conozo, ou?
- SEÑORITO ¿E non ves que te quero, Rosiña?
- ROSA Quéreme, sí, facer disgraceada, como fixo á moitas mais. Conózoo abondo, siñor, e si vustede é rico e quere abusar d' a probeza, lisque pra outros sítios axiña qu' eu gráceas á Dios pol-o d' hoxe sonlle probe pero honrada. Canto fale elle leria, con perdón d-a sua cara... Perd' o tempo, meu amiguño.
- SEÑORITO (Agarrandoa por un brazo.) Mira, Rosiña...
- ROSA (Desprendéndose d' il.) Vaya, Señorito, acouge si quere qu' está xa abusando moito.
- SEÑORITO Lev' o diaño, si foras boa pra míñ, deixariavos quedar n-a casa, ¿entendes? Perdonariavos o que teu pai non fose á votar por min n-as eleuciós... Proteixeríavos...
- ROSA (Con tristura.) Como é vustede teñolle qu' escoitar todo. Estame atrincando, Señorito. ¿E coida que con eso vai á mercar a miña honra? Conte que soilo lle faria caso volvéndome tola; pol-o d' hoxe ainda estou, gráceas á Dios, n-o meu xuicio. E pidolle por favor, Señorito, que non me fale xa mais

- d-o conto. ¡Dios, canto abusa d-a probeza!
- SEÑORITO ¿Conque enfádaste? ¿Conque non queres ser boa por ben? (Empacente.) ¿E ti sabes quen son eu? ¡Ai, lev' o diaño, Rosiña: mira que che vai á pesare! ¡Habedes de chorar bágoas de sangue!
- ROSA (Con diuidá.) Mais que choremos. ¿Pesar me non vendere a miña honra, a úneca riqueza q' eu teño? Com' a vustedes non lles pesa vender nadia é fan-o todo pol-o intrés, coidan qu' os probes vendemos a nosa honra por calquera cousa. Non, Señorito, non m' aldraxe mais; non pertenda un imposible, non pertenda mercar o que non se vende.
- SEÑORITO ¿Imposible dixeches, lev' o diaño? (Alteriado.) Imposible pra min, como pra Dios, non-o hay. ¿Entendes? ¿Entendiches?
- ROSA (Secamente.) Pois eso, e-y-o.
- SEÑORITO ¿Falas verdá?... (Resultamente.) Callada, siñor.
- SEÑORITO ¿Sí? (Botándose sobre d' ela) Xa que non quixeches ser boa por ben, serálo por mal. (Loitan entrambos á feixe.)
- ROSA ¡Solte..., concho, ai, solte, que me manca, ladrón, pillo!...

- SEÑORITO ¡Cómam' o demo!... (Forcéxean hastra qu' ela consigue asopararse.)
- ROSA ¡Ogallá, ladrón, pillo, canalla!...
- SEÑORITO (Tratando de volver á prendela) Cala, Rosa.
- ROSA Non s'achegue... Mire que berro... ¡Vou á chamar!...
- SEÑORITO (Abalanzándose de novo sobre d' ella) Non berres, que ch' é pior... ¡Concho!
- ROSA (Loitando.) ¡A de Dios! ¡¡Veciños, (Berrando) que me matan!!...
- SEÑORITO (Tapándolle a boca.) ¡Cala, que te afogo!
- (Transición) ¿Quén ven? ¡Sinto pisadas!
- (Aparece n-a porta un Vagamundo. Ó velo o Señorito solta á Rosa bruscamente. Os dous están coloreados confrontados)
- ROSA (Aparte) ¡Dios mio! Este home é a miña salvación.

ESCENA V

DITOS y-o VAGAMUNDO, c-un pau de pico de ferro, traxe apropeado e unha pipa n-a boca.

- SEÑORITO ¡Un probe! ¿Qué querias?
- VAGAM. (Desd' a porta.) Siñor... (Descubriendose) que me favoreza c' unha limosniña.
- ROSA (Aparte.) Direille que non se marche...
- SEÑORITO (Contrareando e deseando botaño logo.) Toma.

- (Dándoll' unha cadela.) E vaite axiña. Xa estás liscando.
- ROSA (Moi nerveosa, achegándos' o Vagamundo e colléndose d' il.) Ai, non siñor, non se vaya, non faiga caso... ¡Pidollo pol-a y-alma d' os seus defuntiños, pol-o que mais queira!... ¿Non m' ouviu berrar?
- SEÑORITO (Con enerxía imperiosa) ¡Vaite!
- ROSA Ai, non, non, non se vaya. (Con exaltamento.) Este ladrón queria abusare de min porque estou soila n-a casa.
- SEÑORITO ¿Non te vas? Esta muller está tola.
- ROSA (Fora de sí) ¡Tola, tola, desaxido! ¿Tola eu porque non lle quero entregare a miña honra pra qu' a tire pol-a lama como fixo con moitas mais? ¡Ai, siñor: non se vaya, non! Dareill' unha cunquinya de caldo... jo que queira!...
- VAGAM. (Calmoso.) Pro ollemos, ¿qué socede eiqui? ¿É certo o que di a rapaza?
- SEÑORITO (Cheo de furia.) Vaite, concho. ¿Non che dixen xa qu' está tola, que lle dan rau-tos?
- ROSA (Doente.) ¡Minte, coma un cocho, fórrall-a y-alma! ¿Non me ve que non estou tola? O que quere é que se vaya vustede axiña, (O Vagamundo) pra volvere á mal-tratarme e ver se poide sair co-a sua este ladrón, este pillo...

- SEÑORITO (Doente tamén.) Xa te estás indo. Por derradeira vez cho digo. (Aparte) ¡Agora á ver selle meto medo á Rosa! (Solenemente.) E serás testigo d-as palabras d' esta muller.
- VAGAM. Pro ¿non decia vusté qu' estaba tola? Ademais, eu non son testigo de nadia.
- ROSA (Volvéndos' a coller o Vagamundo) ¡Ai, por Dios non se vaya hastra que veña meu pai d-o monte!
- VAGAM. Non me vou, rapaza, non. Xa me de-cato d' o que socede.
- SEÑORITO (Desconcertado.) ¿Non te vas, eh? A culpa tena o que vos da limosna. Ireim' eu, pro ti non estarás moito tempo n-a aldea, y-ela acordaráse de min, recontra. (Medio mutis.)
- VAGAM. Escoite. ¿Pesoulle darm' a limosna? Pois tómea se quere. Limosnas que se dan con condiciós, eu desprécioas: por que non son limosnas, senon *compraventas*.
- SEÑORITO Cala sobérbeo. ¿Ou non sabes quen son eu?
- VAGAM. (A Rosa.) ¿Quén é este?
- ROSA ¡O Señorito!
- SEÑORITO Si. O que manda en tod-a aldea, ¿entendes?
- VAGAM. O cacique. Boeno, pois somol-os extre-

mos. Vusté repersenta eso que chaman o ausolutismo, y-eu son a libertá. Vusté manda en todos, y-eu non mando en naide, ¡pro tampouco naide manda en min! (Con orgulo.) Sou libre com' os paxáros. Vou á onde quero ir.

- SEÑORITO ¿Naide manda en tí? ¡Ai, cómam' o outro! xa che rabenarei as áas. Non estás mal paxáro... ¿E tí? (Tocándolle n-un hombro á Rosa e amosandol-él a carta) D-o qu' eiqui decides, responderedes n-o Xuzgado. Estos latrícamentos... (Siñalando c' os dedos d' a mau esquerda os regos d' a carta)
- ROSA ¿E qui-é eso? (Con temor.)
- SEÑORITO Mira. (Amosándolla millor)
- VAGAM. ¿Qué será eso?
- ROSA (Sorprendida) ¡A miña carta!... ¡Que home, Dios mio! ¡Colleu a carta qu' emprecipie pra meu hirnau! É o mesmo demo. ¡Déixea, Señorito!
- SEÑORITO Adiós. Logo saberedes quen son eu, quen é o Señorito. (Vaise resoltamente)

ESCENA VI

O VAGAMUNDO e ROSA

- ROSA ¡Dios mio, que home! É noso tormento
É a nosa perdición. E agora leva a

carta. Vaina á entregare n-o Xuzgado.
¡Ai, ese home vainos á perder como o
dice! ¡Dios mio, por forza algunha mei-
ga nos fadou!

VAGAM.

¿Qué carta é esa, rapaza?

ROSA

(Con fonda desesperación) ¿Esa carta? ¡Esa
carta, Dios mio! Verá. Eu teño un hir-
mau de meu n-a Habana, e como mi
padre non sabe escribire, eu emprenci-
piei pra aquele unha carta, ditada pol-o
vello coma sempre. Contábamoslle
n-ela o que nos socede: qu' ese Señorito
nos quería botar d' esta casa, qu' é
sua, porque non lle deu mi padre o
voto n-eso que chaman as... eleuciós,
por non poñerse á mal c' o secretáreo
d-o Auntamento que tamén o quería,
pois un iba contr' o outro. E mi padre,
que tampouco ll-o deu o secretáreo,
por non poñerse á mal con ningún d'
eles, púxos' á mal c-os dous. ¿Vustedes
compréndeme?

VAGAM.

¡E por eso o Señorito, ese home, bóta-
bos d-a casa!

ROSA

¡E se fora eso soilo! Y-o secretáreo por
outro lado sóbenos o consumo é vainos
tamén á sacare o tarreo que labramos
e mail-os bois, que son seus...

VAGAM.

¡Qué xente! ¡Cantas fai ela c-os labre-

gos! ¡Ai d-os caciques, o dia que vos outros todos sepades qu' os favorecidos conque lles llevedes os tarreos y-as casas son elos!...

ROSA Persíguennos com' á cás doentes y-eso que non val nada o que lles fixemos. ¡E inda meu pai non quere ir pr' a Habana, pra ond' o chama meu hirnau!

VAGAM. Rapaza: millor qu' eiqui estaríades. E verdá qu' en todal-as partes hay caciques, pro com' os d' esta terra, tan salvaxes, tan ruiños, en ningunha.

ROSA Eso di meu hirnau.

VAGAM. Pois debédesvos d' ir axiña, axiña... Pro... (Tremendo de frio.) ¡Uy, que frio fai!

ROSA ¡Por min!... (Trocando de tono.) ¿Ten frio? Pois sentése n-o escano e pode-rase quentar un pouquichiño, que vou á facer o lume.

VAGAM. C' o teu premiso, rapaza. (Sentándose.) Faime moita falla quentarme. ¡Uy!... (Fregando as maus)

ROSA (Despois d' alcender o lume.) ¿Quén virá ahí? (Ollando pr' a porta.) ¡Mi padre! (Entra o tio Xan.) ¡Qué milagre, siñor! (Aparte) Quizabes outra disgrácea.

ESCENA VII

OS MESMOS y-o TIO XAN

- XAN ¿Qué milagre? (Afrontado.) Coiro, díxome José de Blas, cando eu iba xa pol-a chouza d-a Veiga c' o carro, qu' entrara n-a nosa casa o Señorito... o amo, e non cocéndome xa o pan n-o corpo, non tiven outra presa ó sabelo que dar volta pra acó pensando n-a encomenda que tragueria.
- ROSA ¡Ai, mi padre, non foi mala, abofellas! Qu' o diga este home que está eiqui.
- VAGAM. (Erguéndose e descobríndose) Bós dias, siñor.
- XAN Bós no-los dé Dios. Pro cóbrase e déixese estare sentado... (A Rosa) ¿E quén é iste home?
- ROSA ¿Non-o vé? Un probe que chegou pidindo e gráceas á quén me salvei.
- XAN ¡Coiro! (Asombrado) ¡Coiro!... ¿E logo? Jasús; Jasús, conta nena... ¡Axiña! (Mostrando atención grande)
- ROSA Pois, amigo de Dios... desque vustedes se foi d' ali á unha migia chegou o Señorito, chegou muy amabre, com' o demo cando quere tentar a unha y-alma,

propoñéndom' unha mala aución, querendo lixar o noso honore, querendo mercar a nosa deshonra con perdonarnos e deixarnos n-a casa. ¿Comprende? (O tio Xan asinte co-a chola.) Pirmeiro tratoume por ben, e logo... maltratoume, asoballoume... e se non chega iste home cand' eu berrei pol-os veciños...

XAN (Interrumpindo e pechánd' os puños.) ¡O demo nunca leve! Qué lacazán, qué lareiro. Ou non hay Dios... (Con delór e ira) ou ten que pagalas todas xuntas ese esfolado.

VAGAM. Escoite, bon vello. Esos sonill' os que teñen mais sorte. Pol-o mesmo non hay que agardar pra eles castigos d-a Providencia: os castigos pra eles témolos que amañar nosoutros.

ROSA (Inconscientemente) Eso, eso... Pro ainda non para ahí a conta, mi padre. Ind' hay outra cousa pior. ¡Si ese Señorito ten pauto c' o demo por forza!

XAN (Anseoso) ¿E logo?

ROSA Atopou a carta qu' emprecipiei pol-a mañá, gardouna, e di que vai darlla o xuez pra que nos encause pol-as injurias que lle puxemos.

XAN (Cheo de medo.) ¿Pro é verdá o que dis, Rosiña? (Rosa avanea a chola en son afir-

mativo) ¿E puxeras n-ela todol-os latricamentos qu' eu che ditara? ¿Si?
¡Coiro! ¡Disgraceados, disgraceadiños de nosoutros! Mandaranos ó cárcel.
Com' o xuez e posto por il, fará o que queira, o que lle pete... ¡Eso nos faltaba, coiro!

ROSA Mi padre, ¿e ainda non pensa en marchare d' esta terra de probeza e d' inxusticias?

VAGAM. Eso, siñor, é o que deben facer. Millor qu' eiqui valerianse en calquera siteo a onde fosen. Por mal que lles vaya, en ningún siteo lles ha d' ire pior. ¡E logo tendo pra mais un fillo n-a Habana! Fáigame caso, bon vello; fáigalles caso os seus fillos; fuxa axiña d' esta escravitú doente...

XAN ¡Coiro, se non foran os anos! Pro un vello com' a min deixal-a pátreia agora: ir á morrer fora d' ela: fuxir á tan lonxe...

VAGAM. ¡A pátreia! (Con entusiasmo. Erguéndose d-o escano.) A pátreia d-o home é o mundo: todol-os homes somos hirmaus, ou déberamos selo. Eu recorriñ moitos pobos, moitos, y-en todos alcontrei sentimentos parecidos. Non eran menos caritativos os españoles qu' os

franceses, e éstos que calquera outros.
As miñas alparagatas pisaron en todal-
as partes as mesmas espiñas y-en to-
dal-as partes acometéronm' os mesmos
cás. ¿E vusté inda sinte deixar ista
terra doente onde se lle nega a libertá;
onde despois de pasare todol-os dias
dobregado, ollando a terra que labra
c' o suor d' o seu corpo, desde neno,
pra qu' outros anden moi dereitos e
estalicados — se todos traballáramos,
nin unhos veríanse tan dereitos nin
outros tan dobregados —; onde despois
de todo o dito inda é perseguido como
se fora un lobo carniceiro, por non dar
un voto qu' é seu, ou por non consentir
que lle deshonren a sua filla, a úneca
propiedá que ten y-a que quere chegar
tamén o caciquismo?

- ROSA Ten razón iste home, mi padre...
- XAN Ai, coiro, fala ben, ben...
- VAGAM. (Coma iluminado.) Deixar ista pátreia e
tronzar as cadeas d' a escravitú e ato-
par a libertade. E inda acó mesmo vese
qu' os únecos que se libran d-os caci-
ques son os que se chaman *habaneiros*
ou *americanos*, xentes que sairon d'
eiqui, ganáronno, e volven a facer esas
casiñas que se ven espalladas pol-as

aldeas, brancas as catro augas, cuyas
frenteiras paresce que din qu' a elas
non chegan as baballas mouras d-os
caciques...

ROSA Eso, eso é o qu' eu penso, soilo que
non sei decilo, non sei expricalo. (Como
suxestionada pol-as palabras d-o Vagamundo)

XAN (O mesmo) Non é bobo iste home, miña
filla. ¡Ai, s' eu non fora tan vello!...—E
vustedede, bon homiño, ¿cómo se bota a
pedire sendo sano?

VAGAM. ¿Eu? (Sorríndose.) Eu traballaría se-o
traballar, tal e como está feita hoxe a
sociedá, non obrigara á un á sere es-
cravo. Véxase vustedé, e véxam' eu, se-
non... Eu non traballo senon contadas
veces, de paso n-algún pobo, porqu' o
que traballa nun siteo fixo ten necesidá
de facer por unha familea e deixar' a
sua libertade ós pés d-os que lle dan
o pan pra ela, ou pasar fame... Eu
sen traballar ¿non vé coma son li-
bre? E vustedé, traballando sempre, des-
de que naceu, é escravo com' o mais
escravo...

XAN ¡Meu Dios! Que ben discorre iste ho-
me. É certo, coiro... ¡Pro tamén a tua
vida!

ROSA ¡N-a miña vida ouvin parlar tan ben!

- VAGAM. Escoiten ainda. As augas empozadas, as augas que non corren, acaban por empodrecers' e cheirar mal ¿non é verdá?
- ROSA E-y-a, abofellas.
- XAN (Case ó mesmo tempo.) É, coiro.
- VAGAM. Pois o mesmo lles socede ós homes que tod-a sua vida pásan-a n-o mesmo logar facendo sempre igoal traballo. Convirtense en rutináreos, y-as suas enerxias e bondás rematan por trocarse n-unha lama d' egoismos e cobardías que cheiran á escravitú. ¿Vustedes non saben que non hay augas mais limpias qu' as correntes, as que nunca están quedas? Pois o mesmo lles soced' os homes com' á min que non estamos moito tempo n-un mesmo siteo. Somos libres compretamente, o que non poden decir-os mesmos reises; non nos homillamos ante naide; non temos contribuciós, nin consumos, nin votos, nin eleucciós... e anda que te andarás, pelegrinamos pol-o mundo co-a nosa libertade, sen dobregarnos nunca. ¡Ve xo a extraneza conque me ollan! Vustedes non me comprenden. ¡Craro! Entre vustedes, acostumados á escravitú qu' os pega á terra e que xa her-

- daron, y-eu, hay moito camiño.—Pro
volved' ó denantes: ¿aínda non quer,
bon vello, deixar esta terra? ¿aínda...?
Rosa (Cortand' a conversa) Parece que ven al-
guén...
VAGAM. ¿Eh?
XAN ¿Qué dis, nena? (Vendo entrar-ó Señorito
e descobríndose respetosamente) ¡O ámo!
Rosa ¡O Señorito! (Aparte) Dios nos valla...
(Erguese d' o taburete, onde estará sentada,
súpetamente)
VAGAM. (Sentándose.) O siñor feudal e os servos.
¡Qué noxo!

ESCENA DERRADEIRA

DITOS e o SEÑORITO

- SEÑORITO (Aparte) ¡Concho! ¿inda está ahí o Va-
gamundo?
XAN Señorito, alégrome que no haxa nove-
dá. (Ofrecéndoll' un taburete, qu' él non
quere)
VAGAM. (Aparte) Como saben con quéen pegan
istos caciques. ¡E inda o saudan e re-
ciben-o con respeito pai e filla! Probes
xentes. Non me estrana que agarden
n-os castigos d-a Providencia... ¡A ver
en que remata isto!

- ROSA Tremo ó velo. (Aparte)
SEÑORITO Sabrás ó que veño. (Secamente)
XAN Eu non, siñor. (Con medo e homildá.)
SEÑORITO Xa estiven dinantes eiqui. (O dicir isto
mira pra Rosa.) Non estabas n-a casa e
volvo agora.
ROSA (Aparte) Faime daño velo diante de
min.
SEÑORITO Pois veño á decirche pol-a derradeira
vez que busques axiña casa, senon,
salirás d' esta rabeando. Douche de
prazo douis dias ¿entendiches?
ROSA (Aparte) A onde vamos á ire...
XAN (Coma improrando) ¡Siñor!...
SEÑORITO Nadia, nadia ché val. (Ollando pra Rosa).
¡Concho! O que m' a fai, pággama. (Dan-
do un paseiño con aire trunfal pol-a escena.)
E non é eso soilo. (Sacand' un papel d-o
peto e amosandoo) ¿Vedes iste papeliño?
A carta. (Aparte)
ROSA (Aparte.) ¡A carta! ¡Qué sinvergonza,
Dios mio!
SEÑORITO É a carta que lle ditaches á tua filla.
¡Ai, reconcho! (Con sorna.) Xa pagaredes
os latricamentos d' ela n-o cárcel. De
min, coma de Dios, non se pode falar
mal. (Con orgullo.) Todol-o sei ¿enten-
destes?
XAN. ¡Ai siñor, pol-as almas d' os seus pais,

- pol-as suas obrigaciós, por Dios non nos perda... Píollo de rodillas. ¡Ai, señoritiño, (Arrodillándose.) que son un probe vello!
- SEÑORITO Non pérdal-o tempo que nadia coseguirás.
- XAN ¡Ai, siñor!...
- ROSA (Suplicante.) ¡Señorito!...
- VAGAM. (Que durante os outros falan o qu' antecede irá mostrando indinación n-os seus xestos.) ¡Cristo! Faime daño ver isto. Xa non me poido conter mais tempo. (Ergúndose d-o escano orgullozo e provocativo e agarrando ó tio Xan por un brazo.) Ergase, probe vello. Pra conseguir algo d' istes... ¡non hay que suplicalo: esíxese! (Erguese o vello.)
- SEÑORITO ¡Concho! ¿Qué dixeches ti, Vagamundo, probetón, que cheiras á miseria? ¿Ouvin ben? ¿Sabes con quén falas?
- ROSA (O pai.) ¡Tremo de medo!
- XAN (A filla.) ¡Ai, filliña, decirll' eso ó Señorito!
- SEÑORITO ¡Concho! ¿pensas que sou com' a tí, d-o teu igoal?
- VAGAM. (Con gran naturalidá.) Xa sei que non é com' a min. Hay moita deferencia en entrambos. Eu son un home de bó curazón, de dinidá: e ti, ti es un cana-

- SEÑORITO lla, qu' abusas d' istas probes xentes
afeitas ó látego d-a escravitú.
(Estalando en ira.) ¿Latríciasme e tutéas-
me ademais?
- VAGAM. Como ti á min.
- ROSA ¡Dios mio! { Con terror.
- XAN ¡Coiro! { Con terror.
- SEÑORITO ¿Sí? (Levantand' a mau e dándolle unha
mascada) Pois... ¡toma, por pillo, por
estrevido...! (Agárranse, e Xan e Rosa tra-
tan de soparalos)
- ROSA ¡Ai, Jasús! (Collend' o Vagamundo por un
brazo.)
- VAGAM. (Soparándose) ¡Cristo! ¡Darm' a min ese
canalla, ese cobarde! .. ¡¡A min!!... (Co-
llend' o sen pau d' o escano con lixeireza.)
- SEÑORITO ¡E has d' ire ó cárcel, concho! ¡Cóma-
m' o outro!...
- VAGAM. ¿Pensas que son com' a istas xentes?
(Dalle un golpe n-a chola c' o seu pan, sen
qu' o poida evitar o Señorito que, atolandra-
do, irá á sentarse n-a pedra d' a lareira, case
sin sentido.) Mira... ¡Iste é o pau con qu'
escurrento os cás pol-os camiños!
- SEÑORITO ¡Matoume!
- ROSA ¡Dios mio! { Correndo ambos a
XAN ¡Que fixeches, home! { soster o Señorito
que laya
- VAGAM. ¿Non-o vé? ¡Defenderme! Póñanll' un-


hos panos con auga n-o siteo onde le-
vou o golpe... ¡A ver! (Mirándoll' a chola)
Non, non terá duda.


- ROSA ¿E n-a terá? (Sacand' un pano d-a faltri-
queira, mollándoo n-auga d' un caldeiro e po-
ñéndoll' o Señorito n-a chola.)
- XAN Diol-o queira, y-as anemiñas benditas
d' o purgatóreo!
- VAGAM. Aproveitémol-a ocaseón. (Métell-a mau
n-o peto ó Señorito.)
- XAN ¿Qué vas facere?
- SEÑORITO (Marmuñando) ¡Qué... me.. rou... ba!...
- XAN (O Vagamundo, con honrada enerxia.) Coi-
ro, eso non.
- ROSA Roubar, non.
- VAGAM. (Entregándoll' o tio Xan á carta emprencipia-
da por Rosa) Tome, cóllaa, tio Xan: bó-
tea no lume... ¡y-outra vez, non pense
mal de naide!
- ROSA (Anseosa) ¡Ai, sí, mi padre!
- XAN (Botándoa n-o lume) ¡Desemúlame, ho-
me, e que Dios che favoreza!... Pro cha-
memos ó Señorito
- ROSA Xa abr' os ollos.
- XAN Petándolle n-un hombro.) ¡Señorito! ¡Se-
ñorito!
- SEÑORITO (Con pesadez) ¿Qui... é?
- XAN ¿E qué imos fazer agora?


- ROSA ¡Eu seillo, mi padre! Cale... (Asostada e
 escoitando.) ¡E ven xente ahi!
- VAGAM. Pois que non entren eiqui. Salla vus-
 té, tio Xan. (Di unha voz desde fora: «Ai,
 tio Xan!»)
- ROSA ¡Dios mio!
- VAGAM. ¡Salla vusté!
- XAN (Tembrando) ¡Aló vou... e Dios me dia
 valor! (Sal. Pequena paosa.)
- ROSA ¡Non sei o que nos vai á pasare, miña
 naiciña querida! (Molland' outra vez o pano
 n-auga.) ¡Pra que lle petaría tanto vus-
 tede!
- VAGAM. Pra que non me dera il mais á min.
- ROSA Voull' á dare á cheirar o vinagre pra
 ver se volve mais axiña en si... ¡Dios
 mio, unha meiga n-os veu hoxel!
- XAN (Entrando compunxido, case sin poder falar.)
 ¡Coi... ro!
- VAGAM. ¿Quén era?
- ROSA ¿Qué socede? { Con ansiedá.
- XAN (Limpando c' un pano o suor que lle corre
 pol-a testa.) ¡Ai!... O... porteiro d-o...
 Auntamento... ¡con dous testigos!...
- ROSA ¿E pra qué? ¿Qué trán?...
- XAN ¡Que nos veñen a... a... embargare..
 pol-o consumo... e... tamen á buscarte
 á tí, (O Vagamundo) pra botarte d' aldea,
 por orde d' o alcalde!...


- ROSA (Chorando.) ¡Probiños de nosoutros!
 ¡Dios nos valla!...
- XAN ¡Ó que chegamos! ¡Coiro, coiro, coiro!...
 (Limpando as bágoas que lle rodan pol-as
 meixelas.)
- VAGAM. Tio Xan, (Sentenciosamente.) ahí ten á
 sua pátrexa: *A pátrexa d' o labrego*. Isto,
 (Siñalando o Señorito) o caciquismo; e o
 fisco, aquelo... (Siñalando a porta) ¿E
 inda non-a deix' agora? ¡Fuxa axiña!
 Eu, voume as carreiras: eiqui non pode
 vivir a libertade: eu represéntoa, e vó-
 tanme como se fora un can doente.

TELÓN SÚPETO









Precio d' o drama: UNHA PESETA

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

F13426

Biblioteca